

**CURSO 2018/19**

# **O XARDÍN DAS HESPÉRIDES**

**PROXECTO  
DOCUMENTAL  
DE CULTURA  
CLÁSICA  
(2º ciclo da ESO)**

**IES XOÁN MONTES  
LUGO**



*O olfato*, de Rubens e Brueghel,  
Museo do Prado

### INTRODUCCIÓN



Sabemos que a cultura clásica é o fundamento do mundo moderno occidental. E poderíamos ter en conta que apenas pode haber algún aspecto da nosa realidade cotiá que poida subtraerse a esta afirmación.

De conformidade con este suposto, o noso traballo, pensado para un alumnado homines tecnoloxici do século XXI, foi deseñado tendo en conta as súas circunstancias e o seu *modus vivendi*. Coa axuda da Internet, esa nova Biblioteca de Alexandria, os estudantes deberían ser capaces de chegar polos seus propios medios á conclusión de que o pasado e o presente están interconectados, que todo é unha continuación de algo xa pensado por outros, esbozado polo menos, e doado como un agasallo para as xeracións futuras.

Entre todas as disciplinas decidimos elixir a Botánica, unha ciencia que se prestaba de maneira adecuada aos nosos intereses, dada a vinculación existente entre os distintos usos das plantas, a súa orixe, a súa taxonomía, a súa presenza nos rituais relixiosos e a abundancia de especies vexetais cuxa nomenclatura responde a mitos gregolatinos por todos coñecidos.

En definitiva, coa elaboración desta experiencia didáctica preténdese que o alumnado de Cultura Clásica de 3º e 4º da ESO coñezan o legado clásico, que aínda pervive entre nós, tanto a nivel lingüístico, como científico, de pensamento e mitolóxico, para que poidan comprender mellor o seu propio mundo, fortalecendo así a súa conciencia histórica e a súa capacidade crítica.

Valoráronse diversos aspectos á hora de abordar este tema:

- Pretendeuse que o alumnado participase nunha experiencia que puidese agrupar nun único tema todos os enfoques posibles que o coñecemento humano nos brinda, tanto científicos como humanísticos..
- Que o alumnado reflexione sobre a influencia do Mundo Clásico a través da Historia e a profunda pegada que deixou na cultura universal.
- Que os alumnos saiban que os grandes científicos de todos os tempos foron apaixonados estudosos da Antigüidade grecorromana e, polo tanto, tiveron sempre en conta esta bagaxe cultural nas denominacións dos seus descubrimentos, desde os elementos da táboa periódica á Medicina, Botánica, Zooloxía...
- Baseándonos na nosa experiencia, consideramos que este Ciclo de Secundaria é o indicado para levar a cabo esta actividade, dado que no primeiro Ciclo os alumnos adquiren coñecementos tanto de Bioloxía como do Mundo Grecolatino.

### CONTIDOS CURRICULARES

Este traballo permitiu desenvolver, ademais dos contidos propios da materia ubicados dentro dos correspondentes ao currículo de Cultura Clásica de 3º y 4º da ESO, denominados "O Panteón grego e romano", e "Mitos grecolatinos" e "Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura", outros das áreas lingüísticas e científicas:

- Identificación de elementos lingüísticos e culturais procedentes do Mundo Clásico na cultura occidental
- Establecemento dunha vinculación da Civilización Clásica co noso modelo de vida, comprendendo a evolución dos elementos grecolatinos que perviven na nosa civilización.

## O XARDÍN DAS HESPÉRIDES

- Apreciación da importancia dos modelos clásicos como referente constante ao longo da historia de Occidente, tanto dende un punto de vista científico como humanístico: no avance da civilización sempre se tivo no retrovisor ao mundo clásico.
- Recoñecemento da pervivencia dos mitos clásicos na nosa cultura, analizando a súa influencia en todo o marco cultural a través dos séculos.
- Identificación das referencias mitolóxicas nas artes plásticas, describindo a través do uso que se fai delas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecorromana.
- Lectura y comprensión de textos clásicos adaptados sobre personaxes metamorfoseados en plantas.
- Adquisición de normas básicas que o Código Internacional de Nomenclatura Botánica establece para a correcta escritura das plantas: os fitónimos en latín..
- Aprendizaxe e elaboración dun traballo de investigación involucrando ao alumnado no proceso creativo, alentando a súa curiosidade intelectual.
- Uso apropiado das ferramentas TIC, inculcando boas prácticas no uso da información.



## **CULTURA CLÁSICA**

- Identifica as raíces etimolóxicas da nomenclatura botánica.
- Relaciona os mitos cos nomes de plantas
- Aprende as normas básica do Código Internacional de Nomenclatura Botánica: os fitónimos en latín.
- Coñece que a Botánica é unha ciencia que naceu na Antiga Grecia e descobre aos grandes botánicos helenos.
- Investiga a procedencia xeográfica das plantas analizadas.
- Describe a planta dende o punto de vista taxonómico e dos usos da mesma (nutricional e/ou medicinal)
- Distingue aos heroes mitolóxicos máis coñecidos.
- Elabora unha árbore xenealóxica coas principais divindades do Panteón grecolatino.
- Le e comprende textos clásicos adaptados sobre personaxes metamorfoseados en plantas.
- Busca as obras de arte que mellor representen aos personaxes mitolóxicos
- Usa apropiadamente as ferramentas TIC e toma de consciencia dos pasos ou fases que implica a realización dun proxecto ou traballo.
- Utiliza un vocabulario específico do tema á hora de abordar unha investigación.
- Valora as aportacións da cultura grecolatina á civilización actual.

### INSTRUMENTOS:

Rúbrica

Autoavaliación

Coavaliación

Produto final

### **LINGUA GALEGA**

- Revisa e reescribe un texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.
- Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.
- Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.

### **INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN**

- Utiliza a BE na procura de recursos informativos para os seus traballos
- Identifica os códigos da CDU
- Realiza procuras no catálogo por autoría, título ou materia
- Usa Internet de xeito autónomo para resolver as súas necesidades de información
- Emprega palabras clave e aplica estratéxicas eficaces na procura
- Compara a información recollida en distintas fontes informativas da rede ou en outras orais ou impresas
- Identifica os obxectivos do Traballo de investigación e as súas fases
- Formula preguntas sobre o tema que se vai a investigar
- Comprende e analiza textos continuos e discontinuos, e sabe extraer as ideas principais.
- Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo
- Elabora textos propios mediante un procesador de textos
- Realiza sinxelas presentacións para amosar os resultados da súa investigación e como apoio a súa exposición
- Incorpora imaxes ou vídeos aos seus traballos de investigación
- Cita con corrección os documentos de toda índole empregados
- Avalia, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación
- Identifica e valora as aprendizaxes realizadas

## COMPETENCIAS

Con esta experiencia didáctica preténdese desenvolver as seguintes COMPETENCIAS BÁSICAS:

1.- **Competencia en comunicación lingüística (CCL).**

A experiencia didáctica contribúe á creación e avance do hábito de lectura e á comprensión de fontes escritas sobre ciencia e mitoloxía.

Tamén á produción de textos na súa lingua, ao ter que elaborar o alumnado respostas orais e escritas sobre un tema dado, e á análise dos textos nos que ha de marcar a súa estrutura e as ideas principais e secundarias. De xeito non menos importante axuda á utilización dun vocabulario amplo, de linguaxe técnica-científica e cultismos, ao ter que manexar términos que proceden do latín, do grego ou doutras linguas modernas que, á súa vez, foron tomadas das linguas clásicas. O ámbito lingüístico desta experiencia permite ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso da mesma como elemento esencial para a comunicación e para a adquisición de coñecementos.

2.- **Competencia dixital (CD).**A dimensión científica e mitolóxica desta experiencia favorece a utilización das novas tecnoloxías para seleccionar adecuadamente diversas fontes de información, analízalas e interpretalas, valorar a súa validez e fiabilidade e traballar de xeito colaborativo sobre os materiais seleccionados; tamén fomenta a presentación de traballos en soporte dixital.

3.- **Competencia para aprender a aprender (CAA)** A diversidade e riqueza de contidos que este proxecto didáctico ofrece, axuda ao alumnado a desenvolver a súa habilidade para iniciar, organizar e persistir no seu proceso de aprendizaxe, ao expoñer actividades como a elaboración de esquemas, a lectura e o comentario de imaxes e textos, a organización de materiais e a análise de semellanzas e diferenzas entre o mundo clásico e o actual, tanto desde o punto de vista cultural como científico.



## O XARDÍN DAS HESPERIDES

4.- **Competencias en ciencia e tecnoloxía (CCT)** Con esta actividade o alumnado toma conciencia da importancia que os gregos tiveron no nacemento da ciencia en Occidente, e da Botánica en particular.

5.- **Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)** Todo proxecto pedagóxico debe expoñer interrogantes para buscar solucións. Estimular a iniciativa persoal dos nosos alumnos será o mellor camiño para fomentar as habilidades necesarias que precisan para realizar e expoñer de forma autónoma un traballo escolar, coa seguridade de que lle vai permitir chegar a conclusións novas e a resolver situacións de forma orixinal, sentíndose autores e protagonistas dos resultados e conclusións obtidos.

6.- **Conciencia e expresión cultural (CCEC)** A inmersión dos alumnos no Mundo Clásico facilítalles o coñecemento dunha cultura rica que destacou especialmente nas súas manifestacións nas artes plásticas, o pensamento e a literatura. Como o mundo occidental é herdeiro desa cultura, a observación das súas manifestacións ao longo do tempo outorga unha visión ampla e insubstituíble que permite ao alumnado recoñecer os trazos comúns, establecer as diferenzas e respectar o legado cultural do mundo grecolatino que forma parte do patrimonio común.

Dentro da materia de Cultura Clásica traballouse co alumnado de 3º e 4º da ESO

3º ESO A/B/C (PMAR) 20

4º ESO A/B: 6

Este Proxecto ademais de contar coa colaboración da Biblioteca do Centro foi coordinado polas profesoras: Anxos Vidal Suárez, 3º de ESO e Paula Fernández Fernández, 4º ESO


**ALUMNADO E  
PROFESORADO  
PARTICIPANTE**





## OBXECTO E TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN PROPOSTA

O noso proxecto, **O XARDÍN DAS HESPÉRIDES** (Plantas con nome mitolóxico), pretende a través do estudo e investigación desvelar ao alumnado que a mitoloxía clásica serve como referencia para o mundo científico, neste caso para designar a nomenclatura das plantas, plantexándolles a funcionalidade das novas aprendizaxes adquiridas: o coñecemento dos principais mitos grecolatinos que serviría para rastrexar na contorna inmediata de cada alumno a vixencia dos modelos clásicos. Así se lles poderá abrir un novo mundo ao que nunca accederan: a publicidade, as versións literarias e cinematográficas, as expresións cultas e coloquiais, o zodíaco, o nome dos meses e días, de enfermidades, de puntos xeográficos...



### ACCIÓNS: CALENDARIO, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO

En primeiro lugar, tívose en conta a diferenza de períodos lectivos entre o alumnado de 3º da ESO (2 horas semanais) e o de 4º (3 horas), ademais da maior madurez destes últimos. Por iso, propuxemos un trimestre, o dedicado á ciencia e a mitoloxía, tanto para os apartados culturais como para a elaboración do proxecto, aínda que sempre de xeito flexivo e condicionado aos posibles cambios na programación.

Durante o **segundo** trimestre, despois de recordarlles cales son os pasos que deben seguir para afrontar o tema: ler, comprender, tomar notas, resumir, coñecer idiomas, manexar a internet - seguridade, fiabilidade das páxinas, respecto aos dereitos de autor e a necesidade de citar as fontes - fíxose a presentación do proxecto ao alumnado e proposta do tema. Despois houbo unha sesión para a detección de coñecementos previos..

A continuación, organizáronse os alumnos individualmente, dado o alto número de plantas e mitos - 94- como obxecto de estudo. Deixouselles organizarse autonomamente (elixir planta e mito) pois neste nivel trátase de que aprendan a xestionar a súa aprendizaxe e traballo.

Reparto das distintas cuestións en que se subdivide o tema xeral:


- Primeira parte: os alumnos buscaron na biblioteca os libros especializados. Para facilitarlles a tarefa, dispuxemos do buscador informatizado. Unha vez organizada a busca, se lles repartiu un listado coas plantas de nome mitolóxico.

- Segunda parte: o alumnado elixiu e buscou as plantas nos libros e se lles facilitou tamén o acceso aos ordenadores. Entregóuselles ademais unhas fichas, segundo un modelo previo, nas que expuxesen as características das plantas e narrasen a historia mítica que lle daba nome a cada unha delas.

## O xardín das Hespérides

### 3º Trimestre:

Ao rematar a busca de datos, o alumnado tivo que organizalos, correxilos, resumilos e redactalos coidando a expresión escrita. Tamén deberon incluír unha ilustración que imitase os antigos herbarios e unha obra de arte orixinal (cadro, escultura, baixorrelevo, etc.) que fixera referencia ao mito expresado no fitónimo. Como colofón, deberon deixar constancia da bibliografía utilizada e da webgrafía consultada.. (Vid. modelo de ficha entregada polas profesoras e tamén adxúntanse dúas fichas feitas por eles, antes de facer a presentación final coa ferramenta GENIALLY)



## PROCEDEMENTOS

- Busca de información nos distintos soportes
- Selección da información pertinente
- (texto e imaxes)
- Lectura comprensiva
- Aprendizaxe significativa
- Resumen dos datos fundamentais
- Redacción de materiais de elaboración propia
- Coherencia textual
- Estructuración do texto
- Uso do DRIVE como ferramenta colaborativa.

## METODOLOXÍA

Sempre tendo en conta a concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, esta experiencia didáctica suxeriu a implicación activa e participativa do alumnado nunha proposta que vai máis aló do ámbito escolar, pretendendo ser unha guía futura para recoñecer elementos clásicos en todos os ámbitos da vida cotiá.

Partindo dun aspecto concreto como é a nomenclatura das plantas.

O método a seguir tivo como finalidade a aprendizaxe activa de todo o alumnado.



Para iso tivemos que ter en conta:

- Os coñecementos previos dos alumnos
- Unha metodoloxía activa e cooperativa. É necesario fomentar no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante a comunicación e o traballo, convertirase na base da súa formación e da adquisición de novas aprendizaxes.
- A planificación e execución das tarefas
- A socialización e a creatividade
- O aspecto lúdico da actividade
- As actividades apoiadas na lectura e comprensión de textos
- O tratamento e recollida de información de diversas fontes
- Os recursos tecnolóxicos

### RECURSOS EMPREGADOS

Respecto ao material entregado ao alumnado, inclúense os modelos como arquivos adxuntos a esta memoria, así como algunhas fichas feitas por eles. En relación coas fontes documentais, pódense consultar nos taboleiros do Pinterest creados para tal fin, só con premer en cada imaxe.

As ferramentas TIC usadas foron o DRIVE, as fichas fixéronas no Docs. de Google, e o produto final - ese herbario virtual- fíxose coa ferramenta GENIALLY.



### DIFUSIÓN E PARTICIPACIÓN DA BE

No tocante á difusión do noso proxecto publicouse no blog da Biblioteca PORTANONA, neste enderezo:

**<https://portanona.blogspot.com/2019/06/o-xardin-das-hesperides.html>**

Como o proxecto foi elaborado no marco da materia de Cuca, e o alumnado foi avaliado segundo o traballo realizado, non foi posible expoñelo de forma física. Porén, ao comezo do curso exhibírase no vestíbulo do Centro.

En canto ao labor da BE, colaborou tanto no deseño do proxecto, como na procura das fontes documentais idóneas para o nivel académico do alumnado, ademais moitas sesións, cando a coexión a internet non o impedía, realizáronse neste espazo.

## AVALIACIÓN

Segundo se recomenda nas orientacións para a avaliación na etapa ESO, esta ha de ser "formativa e continua", principios que facemos nosos agora e tivemos en consideración ao longo de todo o proceso valorativo. Antes de iniciar o proxecto explicouse aos alumnos cales eran os aspectos aos que se concedería unha maior atención, que tarefas terían que realizar e cal sería a súa importancia para a nota final, buscando como obxectivo a auto e co-avaliación, segundo o modelo reproducido aquí.

	1	4	7	10
Suxeición as especificacións da tarefa	Non se entrega ou non se axusta aos criterios	Cumpre só 4 dos 10 criterios da tarefa final	Cumpre 7 dos 10	Cumpre os 10
Procura da información	A información non ten que ver co tema e non buscou alternativas	Atopa información pero non é capaz de seleccionar e sintetizar os datos	Atopa información e reeelabóraa	Atopa información, resume e aporta novos puntos de vista.
Contidos	Menos dun 40% da información é correcta	O 60 % é correcta	O 80 % é correcta	Toda a información é correcta
Aspectos formais e gramaticais	Non se entrega o traballo	Presenta erros ortográficos, ou gramaticais. Non se axusta ao formato de texto proposto	Conta con poucos erros e o texto axústase ao solicitado	Demostra un bo uso da linguaxe. O texto pertence ao tipo de texto acordado.
Ferramentas TIC	Apréciase un certo desinterese por manexar de forma correcta as ferramentas utilizadas para a elaboración do produto final	Non manexa de forma demasiado adecuada as ferramentas utilizadas para a elaboración do produto final	Manexa de forma aceptable as ferramentas utilizadas para a elaboración do produto final	Manexa con soltura as ferramentas utilizadas para a elaboración do produto final
Fontes	Non son documentadas	Só documéntase a orixe do 50% da	Só documéntase a orixe do 70% da	Rexistro coidadoso do 100 % da información

## O xardín das Hespérides

Agás excepcións, o alumnado, nas enquisas de coavaliación, valorou moi positivamente esta forma de aprendizaxe, que cualifican como moi interesante, diferente e orixinal. Unhas das cousas que máis lles gustou é, sen dúbida, o uso constante de ordenadores e o feito de aprenderen o uso de novas ferramentas TIC, para eles/as descoñecidas, e por riba de todo, ver os seus traballos expostos no blog.. Pódense ver os resultados da coavaliación realizada premendo [AQUÍ](#).

### ADAPTACIÓN CURRICULAR E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Esta experiencia didáctica puido favorecer a aprendizaxe do alumnado con necesidades especiais. Ao basearnos sobre todo en imaxes, o proceso de ensinanza-aprendizaxe a través das TICs facilita a adaptación da información ao que o alumnado require segundo o seu nivel formativo. Puidéronse introducir diferentes vías e diferentes materiais para lograr os mesmos resultados: contos de tema mitolóxico, debuxos, presentación oral sinxela. O texto simplificouse ao mínimo, elaboráronse guías de paso e adaptáronse tanto contidos e obxectivos como metodoloxía.



En Lugo a 2 de xullo de 2019

As profesoras:  
Anxos Vidal e Paula Fernández